# I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## MINISTERIO DO INTERIOR

**12411** *Orde INT/2223/2014, do 27 de outubro, pola que se regula a comunicación da información ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico.*

O artigo 5.ñ), en relación co disposto no artigo 6, ambos do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, atribúe ao Ministerio do Interior a competencia para a coordinación da estatística e a investigación de accidentes de tráfico, competencia que será exercida a través do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

A Dirección Xeral de Tráfico, a través da cal o Ministerio do Interior exerce as súas competencias sobre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, ten atribuída a función de impulsar a investigación en materia de seguridade viaria, o que comporta a análise dos datos e das estatísticas relacionadas con esta.

As estatísticas de accidentes de tráfico elaboradas pola Dirección Xeral de Tráfico con fins de investigación viñéronse confeccionando a partir dos datos contidos nos cuestionarios estatísticos de accidentes regulados na Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno do 18 de febreiro de 1993, pola que se modifica a estatística de accidentes de circulación, que deben cubrir os axentes da autoridade que interviñeron nos accidentes.

Os citados cuestionarios reveláronse como unha ferramenta valiosa e eficaz para coñecer de forma inmediata os datos relevantes dos accidentes máis graves.

Neste contexto, coa modificación do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria en materia sancionadora, aprobada pola Lei 18/2009, do 23 de novembro, creouse o daquela denominado Rexistro Estatal de Vítimas de Accidentes de Tráfico, agora chamado Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico a teor da última modificación do citado texto articulado pola Lei 6/2014, do 7 de abril, que o configurou como un instrumento que permitirá dispor da información necesaria para determinar as causas e circunstancias en que se produciron os accidentes de tráfico, así como as consecuencias destes.

Procédese agora a establecer os termos en que se comunicará esa información ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico, dando así cumprimento ao disposto no artigo 96 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, que se remite, en canto á súa regulación, a unha orde ministerial que, ademais, vai substituír a Orde do 18 de febreiro de 1993, que queda derrogada na súa totalidade.

A comunicación ao citado rexistro levarana a cabo os axentes da autoridade encargados da vixilancia e do control do tráfico, no ámbito das súas respectivas competencias, cubrindo un formulario que servirá de base para elaborar a estatística nacional de accidentes de tráfico con vítimas, cuxo resultado permitirá avaliar as medidas adoptadas e elaborar programas de actuación, contribuíndo a garantir a supervisión adecuada e a avaliación da eficacia das políticas de seguridade viaria, o que posibilitará de xeito decisivo a adopción de medidas máis eficaces para paliar esta lacra social.

A estatística nacional de accidentes de tráfico con vítimas está incluída no Plan estatístico nacional 2013-2016, aprobado polo Real decreto 1658/2012, do 7 de decembro, como xa sucedía nos plans anteriores, polo que ten a consideración de estatística para fins estatais e a súa formalización é obrigatoria, conforme o previsto no artigo 7 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.

A obriga legal de subministrar datos afecta todos os implicados nun accidente de tráfico, os axentes encargados da vixilancia e do control do tráfico e os centros sanitarios que facilitarán os datos necesarios que lles permitan aos axentes cubrir os

formularios de maneira precisa, así como outras administracións públicas autonómicas ou locais, conforme o previsto nos artigos 10 e 40 da mencionada Lei 12/1989, do 9 de maio.

O modo en que se regula nesta orde a subministración da información referente ás vítimas de accidentes de tráfico polos axentes da autoridade, a través da formalización do correspondente formulario, atende a uns criterios e prazos similares aos aplicados ata o de agora.

No entanto, para conseguir unha mellor calidade da información que permita unha análise en profundidade dos factores implicados no accidente e das súas consecuencias, así como para satisfacer as definicións contidas no Glosario de estatísticas de transporte de UNECE-Eurostat-ITF, especialmente no relativo á definición de falecido no prazo de trinta días, cómpre redeseñar o cuestionario estatístico de accidentes, adaptando o seu contido á evolución técnica experimentada polos vehículos e á infraestrutura e incorporando información sobre a identidade das vítimas, o que permitirá ter un coñecemento preciso dos falecementos nese prazo e das características das lesións sufridas por accidente de tráfico.

A información recollida neses formularios permitiralle á Dirección Xeral de Tráfico calcular o custo social medio dos accidentes mortais e dos accidentes graves que se produzan en España, de acordo co disposto no Real decreto 345/2011, do 11 de marzo, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias na rede de estradas do Estado.

Ademais, cos formularios seguirase dando por cumprida a obriga de redactar un informe completo en relación con cada accidente mortal que, ata o momento presente, se cumpría mediante os cuestionarios estatísticos de accidentes regulados pola Orde do 18 de febreiro de 1993, a teor da obriga imposta pola Directiva 2008/96/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias.

O responsable do Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico subministrará ao Ministerio de Fomento a información para a identificación dos treitos de concentración de accidentes e dos treitos de alto potencial de mellora da seguridade, conforme o disposto no mencionado Real decreto 345/2011, do 11 de marzo. Tamén se remitirá esa información aos demais titulares das vías.

Por último, créase o ficheiro de datos de carácter persoal correspondente ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico, en substitución do actual ficheiro de datos de carácter persoal «Accidentes de tráfico», que garantirá a confidencialidade, seguridade e integridade ao longo de todo o tratamento e a xestión dos datos de carácter persoal dos implicados en accidentes de tráfico con vítimas, que contarán así coa debida protección.

Así mesmo, ese rexistro poderá incluír no futuro información procedente doutras fontes sanitarias, aseguradoras e de calquera entidade que poida achegar información de interese, á medida que se dispoña dela e sexa regulada a súa incorporación.

Esta orde foi sometida ao informe do Consello Superior de Tráfico, Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable, de acordo co disposto no artigo 8.2.d) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

Tamén emitiu informe a Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto no artigo 5.b) do estatuto da citada axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto regular os termos en que se comunicará ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico a información referente ás vítimas dos accidentes de tráfico que teñan lugar nas vías ou terreos incluídos no ámbito de aplicación da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

Artigo 2. *Formalización do formulario de accidentes de tráfico con vítimas.*

1. Os axentes da autoridade encargados da vixilancia e do control do tráfico, no ámbito das súas respectivas competencias, remitirán ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico a información referente aos accidentes de tráfico con vítimas, a través do formulario que se recolle no anexo I, conforme os criterios e a clasificación das vítimas que se establecen no anexo II.A) e B).

2. A información necesaria para cubrir o formulario facilitarase en virtude da obriga que se impón na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.

En concreto, para cubrir os datos relativos á «lesividade» dos implicados nos accidentes, os axentes da autoridade encargados da vixilancia e do control do tráfico reunirán a información necesaria dos centros sanitarios para cubrir os datos sobre lesividade que se relacionan no formulario recollido no anexo I.

Artigo 3. *Remisión do formulario ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico.*

1. Cando no accidente se producise polo menos un falecido ou un ferido con traslado ao hospital, os axentes da autoridade encargados da vixilancia e do control do tráfico deberán remitir ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico, no menor tempo posible e, en todo caso, no prazo máximo de vinte e catro horas desde que ocorrese, o formulario de accidentes de tráfico con vítimas cuberto cos datos de remisión rápida que se indican no anexo II.C) de que dispoñan.

2. Cando se trate dun accidente con vítimas en que non se dea algunha das circunstancias recollidas no número anterior, o prazo para remitir o formulario de accidentes de tráfico con vítimas cos datos de remisión rápida será de dez días naturais desde a data en que tivese lugar o accidente.

3. En todo caso, o formulario totalmente cuberto deberán remitilo nun prazo non superior a un mes desde a data do accidente. Durante ese prazo poderán ir enviando aquela información de que vaian tendo coñecemento ata a súa formalización total.

Artigo 4. *Comunicación ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico por medios electrónicos.*

A remisión da información ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico deberá efectuarse por medios electrónicos, conforme os protocolos informáticos que estableza o responsable do rexistro, de acordo coa normativa aplicable en relación coa transmisión de datos entre administracións públicas e coa interoperabilidade dos sistemas de información e criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización da información.

Artigo 5. *Estatística de accidentes de tráfico con vítimas.*

Coa información recibida no Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico elaborarase a estatística nacional de accidentes de tráfico con vítimas, conforme as definicións dos principais indicadores estatísticos que se recollen no anexo III. O resultado desta estatística permitirá avaliar as medidas adoptadas e elaborar programas de actuación.

Disposición adicional primeira. *Protección de datos de carácter persoal.*

As disposicións contidas nesta orde que afecten o tratamento dos datos de carácter persoal aplicaranse de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, así como no resto das normas que lle sexan de aplicación.

Disposición adicional segunda. *Comunicación aos titulares da vía da información dos accidentes de tráfico con vítimas.*

1. O responsable do Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico remitiralle, por medios electrónicos, á Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento información dos accidentes de tráfico con vítimas ocorridos nas vías da súa titularidade, que non incluirá datos de carácter persoal, para a identificación dos treitos de concentración de accidentes e dos treitos de alto potencial de mellora da seguridade, conforme o disposto no Real decreto 345/2011, do 11 de marzo, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias na rede de estradas do Estado, así como para o exercicio das funcións para as cales precise a dita información e que ten encomendadas no ámbito das competencias do Ministerio de Fomento.

2. Así mesmo, remitiralles esta información, polos mesmos medios, aos demais titulares da vía respecto dos accidentes de tráfico con vítimas sucedidos nas vías da súa titularidade.

3. Co obxecto de mellorar a calidade da información sobre o lugar do accidente, os titulares da vía completarán os datos relativos á infraestrutura do dito lugar, introducindo aqueles que non fosen consignados polos axentes da autoridade e corrixindo, de ser o caso, aqueles que resultasen incorrectos. Estas modificacións e correccións, xunto con calquera informe adicional que os titulares da vía consideraren oportuno elaborar, serán remitidas á Dirección Xeral de Tráfico no prazo máximo dun mes contado desde o momento en que se reciba o ficheiro electrónico de cada accidente.

Disposición adicional terceira. *Comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico.*

As comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico remitirán ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico, a través dos seus órganos correspondentes, a información dos accidentes de tráfico con vítimas, nos prazos e cos contidos previstos no artigo 3.

As administracións locais pertencentes aos ámbitos territoriais das comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico poderán remitir o formulario de accidentes de tráfico a través dos órganos correspondentes da súa comunidade autónoma.

Disposición adicional cuarta. *Instrumentos de colaboración e de cooperación.*

O Ministerio do Interior, as comunidades autónomas e as entidades locais establecerán, no exercicio das súas respectivas competencias, os mecanismos de colaboración e cooperación necesarios para lograr unha maior eficacia na recolla e transmisión da información ao Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico.

Disposición adicional quinta. *Conexión cos rexistros de vítimas de accidentes de tráfico das comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico.*

A Dirección Xeral de Tráfico determinará, de maneira coordinada coas comunidades autónomas con competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor que, conforme o disposto no artigo 94.2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, creasen nos seus respectivos ámbitos territoriais os seus propios rexistros de vítimas de accidentes de tráfico, os procesos necesarios para incluír a información sobre accidentes no Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico.

Disposición adicional sexta. *Non incremento de gasto público.*

A recolla de datos e a formalización e comunicación dos formularios de accidentes de tráfico con vítimas serán atendidas cos medios persoais e materiais existentes e en ningún caso poderán xerar incremento do gasto público.

Disposición adicional sétima. *Comunicación de datos do ficheiro «Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico».*

A Dirección Xeral de Tráfico, como órgano responsable do ficheiro «Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico», disporá o procedemento e os requisitos para a comunicación de datos nos termos que procedan, segundo o establecido na disposición derradeira primeira pola que se crea o referido ficheiro.

A Agrupación de Tráfico da Garda Civil poderá realizar as comunicacións de datos previstas para o ficheiro «Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico», coa autorización e conforme os requisitos establecidos pola Dirección Xeral de Tráfico, como órgano responsable do citado ficheiro.

Disposición adicional oitava. *Comunicación por medios non electrónicos.*

No prazo de tres anos desde a entrada en vigor desta orde, todas as comunicacións previstas nela deberán facerse por medios electrónicos, consonte os protocolos informáticos que estableza o responsable do Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico.

Mentres non sexa posible realizar a comunicación por medios electrónicos, poderase remitir a información en soporte papel a través da Xefatura Provincial de Tráfico correspondente á provincia en que se producise o accidente.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derrogada a Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno do 18 febreiro de 1993, pola que se modifica a estatística de accidentes de circulación.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde INT/1202/2011, do 4 de maio, pola que se regulan os ficheiros de carácter persoal do Ministerio do Interior.*

Suprímese o ficheiro número 4 «Accidentes de tráfico», da Dirección Xeral de Tráfico, no anexo II da Orde INT/1202/2011, do 4 de maio, pola que se regulan os ficheiros de carácter persoal do Ministerio do Interior, e créase no seu lugar o ficheiro «Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico», co seguinte contido:

«4. Ficheiro: Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico.

a) Identificación do ficheiro ou tratamento, indicarase a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e os usos previstos:

a.1) Identificación do ficheiro: Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico.

a.2) Finalidade: dispor de información necesaria para determinar as causas e circunstancias en que se produciron os accidentes de tráfico con vítimas acaecidos en todo o territorio nacional e as súas consecuencias, de acordo co previsto no artigo 95 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo; para elaborar a estatística nacional de accidentes de tráfico con vítimas, de acordo co disposto na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública; para calcular o custo social medio dos accidentes mortais e dos accidentes graves de tráfico, en cumprimento do previsto no Real decreto 345/2011, do 11 de marzo, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias na rede de estradas do Estado; e para avaliar as medidas adoptadas e elaborar programas de actuación.

a.3) Usos previstos: estatístico e de investigación.

b) Orixe dos datos: indicarase o colectivo de persoas sobre o cal se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulte obrigado a subministralos, o procedemento de recolla dos datos e a súa procedencia.

b.1) Colectivo: persoas implicadas en accidentes de tráfico con vítimas.
b.2) Procedencia e procedemento de recolla: remisión por medios electrónicos ou en soporte papel dos formularios cubertos polos axentes da autoridade encargados da vixilancia e do control do tráfico.

c) Estrutura básica do ficheiro mediante a descrición detallada dos datos identificativos e, de ser o caso, dos datos especialmente protexidos, así como das restantes categorías de datos de carácter persoal incluídas nel e do sistema de tratamento utilizado na súa organización.

c.1) Descrición dos datos: contén información sobre o accidente (lugar, data e hora e coordenadas xeográficas); os vehículos implicados (matrícula, marca e modelo); as persoas implicadas (NIF, NIE, tarxeta de residencia, pasaporte, nome e apelidos, data de nacemento, nacionalidade).
c.2) Sistema de tratamento: parcialmente automatizado.

d) Comunicacións de datos previstas: indicaranse, de ser o caso, os destinatarios ou as categorías de destinatarios: Ministerio Fiscal, xuíces e tribunais e outras administracións públicas.
e) Transferencias internacionais de datos previstas a terceiros países, con indicación, se é o caso, dos países de destino dos datos: non se ten previsto efectuar transferencias internacionais de datos.
f) Órgano responsable do ficheiro: Dirección Xeral de Tráfico.
g) Servizo ou unidade ante os cales se poidan exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Tráfico, rúa Josefa Valcárcel 44, 28071 Madrid.
h) Nivel básico, medio ou alto de seguridade que resulte exixible: alto».

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2015.

Madrid, 27 de outubro de 2014.–O ministro do Interior, Jorge Fernández Díaz.

**2. Datos Permiso**

PERMISO OU LICENZA DE CONDUCIÓN (VEHÍCULOS DE MOTOR)

DATA EXPEDICIÓN __ / __ / ____ CLASE ☐ ◯ DESCOÑÉCESE

DATA EXPEDICIÓN __ / __ / ____ CLASE ☐ ◯ DESCOÑÉCESE

**4. Condutor**

CARACTERÍSTICAS DO PERMISO

- ◯◯ EN VIGOR
- ◯◯ TROCADO
- ◯◯ INAPROPIADO
- ◯◯ CADUCADO
- ◯◯ (SE É MOTORISTA) B AUTORIZADO 125CC, SEN A1-A
- ◯◯ ANULADO OU SUSPENDIDO
- ◯◯ NON O PRESENTA
- ◯◯ NON TIVO NUNCA
- ◯◯ PERDA TOTAL DE PUNTOS DECLARADA

**3. Circunstancias**

ACCESORIOS DE SEGURIDADE

- ◯◯ CINTO UTILIZADO
- ◯◯ CINTO NON UTILIZADO
- ◯◯ DESCOÑÉCESE
- ◯◯ CASCO UTILIZADO
- ◯◯ CASCO NON UTILIZADO
- ◯◯ CASCO SUPOSTAMENTE EXPULSADO

OUTROS ACCESORIOS DE SEGURIDADE

EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN EN

- ☐☐ BRAZOS
- ☐☐ COSTAS
- ☐☐ TORSO
- ☐☐ MANS
- ☐☐ PERNAS
- ☐☐ PÉS
- ☐☐ ROUPA REFLECTORA

PROBA DE ALCOHOL

- ◯◯ NON SE REALIZA PROBA
- ◯◯ NON PORQUE SE NEGA
- ◯◯ NON PORQUE NON PODE
- ◯◯ PROBA EN AIRE

mg/l ________ mg/l ________

mg/l ________ mg/l ________

- ◯◯ PROBA EN SANGUE

g/l ________ g/l ________

SIGNOS DE INFLUENCIA

- ◯◯ SEN SIGNOS
- ◯◯ CON SIGNOS

PROBA DE DROGAS

- ◯◯ NON SE REALIZA PROBA
- ◯◯ EN SALIVA
- ◯◯ EN SANGUE
- ◯◯ OUTRAS

SIGNOS DE INFLUENCIA

- ◯◯ SEN SIGNOS
- ◯◯ CON SIGNOS

RESULTADO +/- → CONFIRMADO SI/NON (SI EL RESULTADO ES +)

| | RESULTADO +/- | CONFIRMADO SI/NON | |
|---|---|---|---|
| AMP | ☐☐ | Si Non | Si Non |
| BDZ | ☐☐ | Si Non | Si Non |
| COC | ☐☐ | Si Non | Si Non |
| THC | ☐☐ | Si Non | Si Non |
| OPI | ☐☐ | Si Non | Si Non |
| METH | ☐☐ | Si Non | Si Non |
| OUTRAS | ☐☐ | Si Non | Si Non |

▼ __________

MOTIVO DE DESPRAZAMENTO

- ◯◯ TRANSPORTE PROFESIONAL DE MERCADORÍAS
- ◯◯ TAXI
- ◯◯ BUS URBANO
- ◯◯ BUS ESCOLAR
- ◯◯ SERVIZO DE LIMPEZA, RECOLLIDA DE LIXO
- ◯◯ SERVIZO DE MANTEMENTO VIARIO
- ◯◯ BOMBEIROS, POLICÍA, AMBULANCIA
- ◯◯ *IN ITINERE* (TRANS. NON PROFESIONAL)
- ◯◯ EN PRÁCTICAS DE AUTOESCOLA
- ◯◯ SERVIZO AUXILIO EN ESTRADA
- ◯◯ BUS EN TRANSPORTE DE MENORES
- ◯◯ BUS DE LIÑA REGULAR
- ◯◯ BUS DE LIÑA DISCRECIONAL
- ◯◯ EN MISIÓN (TRANSP. NON PROFESIONAL)
- ◯◯ OUTRAS ACTIVIDADES PARTICULARES
- ◯◯ LECER E ENTRETEMENTO
- ◯◯ ACTIVIDADE DEPORTIVA PARTICULAR
- ◯◯ ESTUDANTE CARA A CENTRO DE ESTUDOS
- ◯◯ TRANSPORTE DE MENORES AO COLEXIO
- ◯◯ IDA/REGRESO DE PONTES/FESTIVOS VACACIÓNS
- ◯◯ DESCOÑÉCESE

DESPRAZAMENTO PREVISTO

- ◯◯ LOCAL (<50 KM)
- ◯◯ MEDIO (50-200 KM)
- ◯◯ LONGO (MÁIS DE 200 KM)
- ◯◯ DESCOÑÉCESE

ACCIÓN ESPECIAL DO CONDUTOR

- ◯◯ BAIXANDO OU SUBINDO DO VEHÍCULO
- ◯◯ CAÍDA NA VÍA DESDE O VEHÍCULO

PRESUNTAS INFRACCIÓNS DE VELOCIDADE

- ◯◯ NINGUNHA
- ◯◯ VELOCIDADE INADECUADA PARA AS CONDICIÓNS DA VÍA
- ◯◯ EXCEDE A VELOCIDADE ESTABLECIDA
- ◯◯ MARCHA LENTA ENTORPECENDO A CIRCULACIÓN
- ◯◯ DESCOÑÉCESE

PRESUNTAS INFRACCIÓNS DO CONDUTOR

- ◯◯ PRESUNTAMENTE NON EXISTE INFRACCIÓN
- ◯◯ NON RESPECTAR O STOP
- ◯◯ NON RESPECTAR "CEDA O PASO"
- ◯◯ NON RESPECTAR O SEMÁFORO
- ◯◯ NON RESPECTAR A NORMA XENÉRICA DE PRIORIDADE
- ◯◯ NON RESPECTAR O PASO DE PEÓNS
- ◯◯ NON RESPECTAR AS INDICACIÓNS DUN AXENTE
- ◯◯ NON RESPECTAR OUTROS SINAIS PRIORIDADE DE PASO
- ◯◯ INVADIR PARCIALMENTE O SENTIDO CONTRARIO
- ◯◯ CIRCULAR EN ZIG ZAG
- ◯◯ VIRAR OU CAMBIAR DE SENTIDO INCORRECTAMENTE
- ◯◯ CIRCULAR MARCHA ATRÁS DE MANEIRA INCORRECTA
- ◯◯ ADIANTAR ANTIRREGULAMENTARIAMENTE
- ◯◯ FREAR SEN CAUSA XUSTIFICADA
- ◯◯ NON MANTER O INTERVALO DE SEGURIDADE
- ◯◯ PARADO OU EN ESTACIONAMENTO PROHIBIDO OU PERIGOSO
- ☐☐ SEN LUCES DE EMERXENCIA
- ☐☐ DE SER O CASO, SEN TRIÁNGULO DE PRESINALIZACIÓN
- ◯◯ NON INDICAR OU INDICAR MAL UNHA MANOBRA
- ◯◯ CIRCULAR EN SENTIDO CONTRARIO

Nº km Nº km

- ◯◯ CIRCULAR POR LUGAR PROHIBIDO
- ◯◯ COMPETICIÓNS OU CARREIRAS
- ◯◯ DESCOÑÉCESE

OUTRA INFRACCIÓN

- ◯◯ NINGUNHA
- ◯◯ CIRCULAR SEN LUZ
- ◯◯ CIRCULAR CEGADO
- ◯◯ CARGA MAL ACONDICIONADA
- ◯◯ EXCESO DE CARGA
- ◯◯ DESPRENDEMENTO DE CARGA
- ◯◯ APERTURA DE PORTAS SEN PRECAUCIÓN
- ◯◯ EXCESO DE OCUPANTES
- ◯◯ OUTRA INFRACCIÓN Texto especificando infracción
- ◯◯ DESCOÑÉCESE

POSIBLE RESPONSABLE DO ACCIDENTE

◯◯ SI ◯◯ NON ◯◯ DESCOÑÉCESE

## FACTORES QUE PODEN AFECTAR A ATENCIÓN E PRESUNTOS ERROS

FACTORES QUE PODEN AFECTAR A ATENCIÓN

- ◯◯ USO DE TELÉFONO MÓBIL
- ◯◯ USO DE MANS LIBRES
- ◯◯ USO DE GPS
- ◯◯ USO DE RADIO, DVD, VÍDEO, AURICULARES...
- ◯◯ FUMAR
- ◯◯ ACTIVIDADES SIMULTÁNEAS Á CONDUCIÓN (COMER, BEBER, BUSCAR OBXECTOS...)
- ◯◯ INTERACCIÓN COS OCUPANTES
- ◯◯ PRESENZA ACCIDENTE ANTERIOR
- ◯◯ MIRAR O CONTORNO (PAISAXE, PUBLICIDADE, SINAIS...)
- ◯◯ ESTAR PENSATIVO OU ABSTRAÍDO
- ◯◯ SONO, CANSAZO/FATIGA
- ◯◯ ENFERMIDADE SÚBITA/INDISPOSICIÓN
- ◯◯ NON SE APRECIA NINGÚN FACTOR

PRESUNTOS ERROS DO CONDUTOR

- ◯◯ NON SE APRECIAN ERROS
- ◯◯ NON VER UN SINAL
- ◯◯ NON VER UN VEHÍCULO/PEÓN/OBSTÁCULO...
- ◯◯ NON ENTENDER UN SINAL DE TRÁFICO OU CONFUNDILO
- ◯◯ INDECISIÓN, DEMORA OU ATRASO EN TOMAR UNHA DECISIÓN
- ◯◯ EXECUCIÓN INCORRECTA DE MANOBRA/MANOBRA INADECUADA
- ◯◯ ESQUECEMENTOS (INTERMITENTES, LUCES...)

## INFORMACIÓN DOS PASAXEIROS*

PASAXEIRO

NOME E APELIDOS ______ NIF PASAPORTE T. DE RESIDENCIA OUTRO ______ VEHÍCULO SEXO HOME MULLER DESCOÑECIDO

DATA DE NACEMENTO __ /__/ ____ NACIONALIDADE (SE ESTRANXEIRO) ____________ LOCALIDADE DE RESIDENCIA (PAÍS EN CASO DE ESTRANXEIRO) ______ DESCOÑÉCESE

PASAXEIRO

NOME E APELIDOS ______ NIF PASAPORTE T. DE RESIDENCIA OUTRO ______ VEHÍCULO SEXO HOME MULLER DESCOÑECIDO

DATA DE NACEMENTO __ /__/ ____ NACIONALIDADE (SE ESTRANXEIRO) ____________ LOCALIDADE DE RESIDENCIA (PAÍS EN CASO DE ESTRANXEIRO) ______ DESCOÑÉCESE

POSICIÓN NO VEHÍCULO
TURISMO/CAMIÓN/AUTOBÚS
ASENTO DIANTEIRO
ASENTO DIANTEIRO CENTRAL
ASENTO TRASEIRO ESQUERDO
ASENTO TRASEIRO DEREITO
ASENTO TRASEIRO CENTRAL
OUTROS ASENTOS OU LITEIRAS
DE PÉ
NENO NO COLO
2 RODAS/QUAD
POSICIÓN PASAXEIRO
PASAXEIRO ADICIONAL

LESIVIDADE
FALECIDO 24 HORAS
INGRESO SUPERIOR A 24 HORAS
INGRESO INFERIOR OU IGUAL A 24 HORAS
ATENCIÓN EN URXENCIAS SEN POSTERIOR INGRESO
ASISTENCIA SANITARIA AMBULATORIA CON POSTERIORIDADE
ASISTENCIA SANITARIA INMEDIATA EN CENTRO DE SAÚDE OU MUTUA
ASISTENCIA SANITARIA SÓ NO LUGAR DO ACCIDENTE
SEN ASISTENCIA SANITARIA
DESCOÑÉCESE

HOSPITAL A QUE SE TRASLADA DESCOÑÉCESE
(Nome do hospital)

ACCESORIOS DE SEGURIDADE
ADULTOS 4 RODAS
CINTO SI
CINTO NON
DESCOÑÉCESE
NENOS ATA 3 ANOS E PERSOAS ATA 135 CM E NENOS ATA 12 ANOS EN ASENTOS DIANTEIROS
SISTEMA DE RETENCIÓN INFANTIL SI
CINTO SI
NIN SRI NIN CINTO DE SEGURIDADE
DESCOÑÉCESE
2 RODAS OU QUAD OU BICI
CASCO SI
CASCO NON
CASCO SUPOSTAMENTE EXPULSADO
DESCOÑÉCESE

ACCIÓN ESPECIAL DO PASAXEIRO
BAIXANDO OU SUBINDO DO VEHÍCULO
CAÍDA NA VÍA DESDE O VEHÍCULO
CAÍDA DENTRO DO BUS

OUTROS ACCESORIOS DE SEGURIDADE
EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN (2 RODAS CON MOTOR) :
BRAZOS
ROUPA REFLECTORA
COSTAS
TORSO
MANS
PERNAS
PÉS

NON CONTABILIZABLE POR
MORTE NATURAL
SUICIDIO
INTENTO DE SUICIDIO
HOMICIDIO
INTENTO DE HOMICIDIO

PASAXEIRO

NOME E APELIDOS ______ NIF PASAPORTE T. DE RESIDENCIA OUTRO ______ VEHÍCULO SEXO HOME MULLER DESCOÑECIDO

DATA DE NACEMENTO __ /__/ ____ NACIONALIDADE (SE ESTRANXEIRO) ____________ LOCALIDADE DE RESIDENCIA (PAÍS EN CASO DE ESTRANXEIRO) ______ DESCOÑÉCESE

PASAXEIRO

NOME E APELIDOS ______ NIF PASAPORTE T. DE RESIDENCIA OUTRO ______ VEHÍCULO SEXO HOME MULLER DESCOÑECIDO

DATA DE NACEMENTO __ /__/ ____ NACIONALIDADE (SE ESTRANXEIRO) ____________ LOCALIDADE DE RESIDENCIA (PAÍS EN CASO DE ESTRANXEIRO) ______ DESCOÑÉCESE

POSICIÓN NO VEHÍCULO
TURISMO/CAMIÓN/AUTOBÚS
ASENTO DIANTEIRO
ASENTO DIANTEIRO CENTRAL
ASENTO TRASEIRO ESQUERDO
ASENTO TRASEIRO DEREITO
ASENTO TRASEIRO CENTRAL
OUTROS ASENTOS OU LITEIRAS
DE PÉ
NENO NO COLO
2 RODAS/QUAD
POSICIÓN PASAXEIRO
PASAXEIRO ADICIONAL

LESIVIDADE
FALECIDO 24 HORAS
INGRESO SUPERIOR A 24 HORAS
INGRESO INFERIOR OU IGUAL A 24 HORAS
ATENCIÓN EN URXENCIAS SEN POSTERIOR INGRESO
ASISTENCIA SANITARIA AMBULATORIA CON POSTERIORIDADE
ASISTENCIA SANITARIA INMEDIATA EN CENTRO DE SAÚDE OU MUTUA
ASISTENCIA SANITARIA SÓ NO LUGAR DO ACCIDENTE
SEN ASISTENCIA SANITARIA
DESCOÑÉCESE

HOSPITAL A QUE SE TRASLADA DESCOÑÉCESE
(Nome do hospital)

ACCESORIOS DE SEGURIDADE
ADULTOS 4 RODAS
CINTO SI
CINTO NON
DESCOÑÉCESE
NENOS ATA 3 ANOS E PERSOAS ATA 135 CM E NENOS ATA 12 ANOS EN ASENTOS DIANTEIROS
SISTEMA DE RETENCIÓN INFANTIL SI
CINTO SI
NIN SRI NIN CINTO DE SEGURIDADE
DESCOÑÉCESE
2 RODAS OU QUAD OU BICI
CASCO SI
CASCO NON
CASCO SUPOSTAMENTE EXPULSADO
DESCOÑÉCESE

ACCIÓN ESPECIAL DO PASAXEIRO
BAIXANDO OU SUBINDO DO VEHÍCULO
CAÍDA NA VÍA DESDE O VEHÍCULO
CAÍDA DENTRO DO BUS

OUTROS ACCESORIOS DE SEGURIDADE
EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN (2 RODAS CON MOTOR) :
BRAZOS
ROUPA REFLECTORA
COSTAS
TORSO
MANS
PERNAS
PÉS

NON CONTABILIZABLE POR
MORTE NATURAL
SUICIDIO
INTENTO DE SUICIDIO
HOMICIDIO
INTENTO DE HOMICIDIO

PASAXEIRO

NOME E APELIDOS ______ NIF PASAPORTE T. DE RESIDENCIA OUTRO ______ VEHÍCULO SEXO HOME MULLER DESCOÑECIDO

DATA DE NACEMENTO __ /__/ ____ NACIONALIDADE (SE ESTRANXEIRO) ____________ LOCALIDADE DE RESIDENCIA (PAÍS EN CASO DE ESTRANXEIRO) ______ DESCOÑÉCESE

PASAXEIRO

NOME E APELIDOS ______ NIF PASAPORTE T. DE RESIDENCIA OUTRO ______ VEHÍCULO SEXO HOME MULLER DESCOÑECIDO

DATA DE NACEMENTO __ /__/ ____ NACIONALIDADE (SE ESTRANXEIRO) ____________ LOCALIDADE DE RESIDENCIA (PAÍS EN CASO DE ESTRANXEIRO) ______ DESCOÑÉCESE

POSICIÓN NO VEHÍCULO
TURISMO/CAMIÓN/AUTOBÚS
ASENTO DIANTEIRO
ASENTO DIANTEIRO CENTRAL
ASENTO TRASEIRO ESQUERDO
ASENTO TRASEIRO DEREITO
ASENTO TRASEIRO CENTRAL
OUTROS ASENTOS OU LITEIRAS
DE PÉ
NENO NO COLO
2 RODAS/QUAD
POSICIÓN PASAXEIRO
PASAXEIRO ADICIONAL

LESIVIDADE
FALECIDO 24 HORAS
INGRESO SUPERIOR A 24 HORAS
INGRESO INFERIOR OU IGUAL A 24 HORAS
ATENCIÓN EN URXENCIAS SEN POSTERIOR INGRESO
ASISTENCIA SANITARIA AMBULATORIA CON POSTERIORIDADE
ASISTENCIA SANITARIA INMEDIATA EN CENTRO DE SAÚDE OU MUTUA
ASISTENCIA SANITARIA SÓ NO LUGAR DO ACCIDENTE
SEN ASISTENCIA SANITARIA
DESCOÑÉCESE

HOSPITAL A QUE SE TRASLADA DESCOÑÉCESE
(Nome do hospital)

ACCESORIOS DE SEGURIDADE
ADULTOS 4 RODAS
CINTO SI
CINTO NON
DESCOÑÉCESE
NENOS ATA 3 ANOS E PERSOAS ATA 135 CM E NENOS ATA 12 ANOS EN ASENTOS DIANTEIROS
SISTEMA DE RETENCIÓN INFANTIL SI
CINTO SI
NIN SRI NIN CINTO DE SEGURIDADE
DESCOÑÉCESE
2 RODAS OU QUAD OU BICI
CASCO SI
CASCO NON
CASCO SUPOSTAMENTE EXPULSADO
DESCOÑÉCESE

ACCIÓN ESPECIAL DO PASAXEIRO
BAIXANDO OU SUBINDO DO VEHÍCULO
CAÍDA NA VÍA DESDE O VEHÍCULO
CAÍDA DENTRO DO BUS

OUTROS ACCESORIOS DE SEGURIDADE
EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN (2 RODAS CON MOTOR) :
BRAZOS
ROUPA REFLECTORA
COSTAS
TORSO
MANS
PERNAS
PÉS

NON CONTABILIZABLE POR
MORTE NATURAL
SUICIDIO
INTENTO DE SUICIDIO
HOMICIDIO
INTENTO DE HOMICIDIO

**DATOS DO PEÓN** NOME E APELIDOS

NIF
PASAPORTE
TARXETA DE
OUTRO
_ _ _ _ _ _ _ _ _ _

DATA DE NACEMENTO
_ _ / _ _ / _ _ _ _

SEXO
H M
D

NACIONALIDADE (SE ESTRANXEIRO)
DESCOÑÉCESE
_ _ _ _ _ _ _

LOCALIDADE DE RESIDENCIA (PAÍS EN CASO DE ESTRANXEIRO)
DESCOÑÉCESE
_ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

**LESIVIDADE**
FALECIDO 24 HORAS
INGRESO SUPERIOR A 24 HORAS
INGRESO INFERIOR OU IGUAL A 24 HORAS
ATENCIÓN EN URXENCIAS SEN POSTERIOR INGRESO
ASISTENCIA SANITARIA AMBULATORIA CON POSTERIORIDADE
ASISTENCIA SANITARIA INMEDIATA EN CENTRO DE SAÚDE OU MUTUA
ASISTENCIA SANITARIA SÓ NO LUGAR DO ACCIDENTE
SEN ASISTENCIA SANITARIA
DESCOÑÉCESE

HOSPITAL A QUE SE TRASLADA DESCOÑÉCESE

**NON CONTABILIZABLE POR**
MORTE NATURAL
SUICIDIO
INTENTO DE SUICIDIO
HOMICIDIO
INTENTO DE HOMICIDIO

**ACCESORIOS DE SEGURIDADE**
SEN REFLECTORES
CON CHALECO
CON OUTRO REFLECTOR
DESCOÑÉCESE

**PROBA DE ALCOHOL**
NON SE REALIZA PROBA
NON PORQUE SE NEGA
NON PORQUE NON PODE
PROBA EN AIRE
mg/l __________
mg/l __________
PROBA EN SANGUE
g/l __________

SIGNOS DE INFLUENCIA
SEN SIGNOS
CON SIGNOS

**PROBA DE DROGAS**
NON SE REALIZA PROBA
EN SALIVA
EN SANGUE
OUTRAS

SIGNOS DE INFLUENCIA
SEN SIGNOS
CON SIGNOS

RESULTADO +/- → CONFIRMADO SI/NON
(SI EL RESULTADO ES +)

| RESULTADO +/- | | CONFIRMADO SI/NON |
|---|---|---|
| AMP | | Si Non |
| BDZ | | Si Non |
| COC | | Si Non |
| THC | | Si Non |
| OPI | | Si Non |
| METH | | Si Non |
| OUTRAS | | Si Non |

_ _ _ _ _ _ _ _ _ _

**MOTIVO DO DESPRAZAMENTO**
SERVIZO DE LIMPEZA, RECOLLIDA DE LIXO
SERVIZO DE MANTEMENTO VIARIO
BOMBEIROS, POLICÍA, AMBULANCIA
*IN ITINERE*
EN MISIÓN
LECER E ENTRETEMENTO
ESTUDANTE CARA AO CENTRO DE ESTUDOS
TRANSPORTE DE MENORES AO COLEXIO
OUTRAS ACTIVIDADES
DESCOÑÉCESE

**ACCIÓN DO PEÓN PREVIA AO ACCIDENTE**
SAÍNDO ENTRE VEHÍCULOS APARCADOS
NA CALZADA DIANTE DA PARADA DO BUS
CRUZANDO A CALZADA XUSTO ANTES DUNHA INTERSECCIÓN
CRUZANDO A CALZADA XUSTO DESPOIS DUNHA INTERSECCIÓN
CRUZANDO A CALZADA EN INTERSECCIÓN
CRUZANDO A CALZADA EN SECCIÓN
CAMIÑANDO OU PARADO NA BEIRARRÚA OU REFUXIO
CAMIÑANDO POLA CALZADA OU BEIRAVÍA
PARADO NA CALZADA OU BEIRAVÍA
TRABALLANDO NA CALZADA OU BEIRAVÍA
REPARANDO O VEHÍCULO
SERVIZO DE AUXILIO EN ESTRADA
CAÍDA Á VÍA (PONTE, EDIFICIO...)
IRROMPE NA CALZADA CORRENDO/XOGANDO
AUXILIANDO ACCIDENTE ANTERIOR
DESCOÑÉCESE

**PRESUNTAS INFRACCIÓNS DO PEÓN**
NINGUNHA INFRACCIÓN
NON RESPECTA SEMÁFORO DE PEÓNS
NON CRUZA POR PASO PARA PEÓNS
ESTÁ OU CAMIÑA POLA VÍA ANTIRREGULAMENTARIAMENTE
NON OBEDECE AS INDICACIÓNS DO AXENTE
OUTRAS INFRACCIÓNS
DESCOÑÉCESE

POSIBLE RESPONSABLE DO ACCIDENTE
SI
NON
DESCOÑÉCESE

**FACTORES QUE PODEN AFECTAR A ATENCIÓN**
USO DE TELÉFONO MÓBIL
USO DE RADIO, DVD, VÍDEO, AURICULARES...
PRESENZA ACCIDENTE ANTERIOR
MIRAR O CONTORNO (PAISAXE, PUBLICIDADE, SINAIS...)
ESTAR PENSATIVO OU ABSTRAÍDO
ENFERMIDADE SÚBITA/INDISPOSICIÓN
NON SE APRECIA NINGÚN FACTOR

**PRESUNTOS ERROS DO CONDUTOR / PEÓN**
NON SE APRECIAN ERROS
NON VER UN SINAL
NON VER UN VEHÍCULO/PEÓN/OBSTÁCULO...
NON ENTENDER UN SINAL DE TRÁFICO OU CONFUNDILO
INDECISIÓN, DEMORA OU ATRASO EN TOMAR UNHA DECISIÓN
EXECUCIÓN INCORRECTA DE MANOBRA/MANOBRA INADECUADA

## SECUENCIA DO ACCIDENTE

(CUBRIR SÓ EN CASO DE ACCIDENTES GRAVES OU MORTAIS)

Os vehículos identificaranse como V1, V2, V3, V...
Os peóns identificaranse como P1, P2, P3, P…
Os condutores que fosen atropelados (porque caeron do vehículo, estaban subindo ou baixando del…) identificaranse como C. Asignaráselles un número C1, C2, C3 tendo en conta o vehículo en que viaxaban). No caso dos pasaxeiros utilizarase PA1, PA2… seguindo a mesma lóxica.

| MÉTODO METRAS DE SECUENCIACIÓN DO ACCIDENTE | | | |
|---|---|---|---|
| UNIDADES IMPLICADAS | | EVENTOS | SUCESO MÁIS GRAVE |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Exemplar 1: | | | |
| Exemplar 2: | | | |
| Exemplar 3: | | | |

Como guía pode identificar nestes diagramas a que exemplar en papel corresponde cada vehículo ou peón (se hai máis dun peón) e a cor que o representa en papel (V1, P1…).

NOTA: o vehículo ou peón que interviñese en primeiro lugar nun evento de accidente situarase na primeira columna da secuenciación e así sucesivamente.
No caso de vehículos que interviñeron no accidente pero non sufriron directamente as súas consecuencias, indicaranse na táboa e indicarase: evento 59.

### TIPOS DE EVENTOS:

**COLISIÓN ENTRE VEHÍCULOS**
1. COLISIÓN FRONTAL
2. COLISIÓN FRONTOLATERAL AFECTANDO O LADO DEREITO
3. COLISIÓN FRONTOLATERAL AFECTANDO O LADO ESQUERDO
4. COLISIÓN LATERAL OU REFLEXA
5. RASPADO POSITIVO
6. RASPADO NEGATIVO
7. COLISIÓN POR DETRÁS, ALCANCE OU EN CARAVANA
8. ALCANCE INVERSO
9. COLISIÓN POSTERIOR-LATERAL
10. ENCAIXAMENTO

**ATROPELO**
11. ATROPELO A PERSOA
12. ATROPELO A ANIMAL →

**CAÍDA**
13. CAÍDA NA VÍA
14. CAÍDA DE PASAXEIRO DENTRO DE BUS

**CHOQUE CONTRA OBSTÁCULO**
15. ELEMENTOS DE OBRAS
16. CONOS OU OUTROS ELEMENTOS DE BALIZA MÓBILES
17. VALO (NON BARREIRA DE SEGURIDADE)
18. DESPRENDEMENTOS DE PEDRA OU VEXETACIÓN
19. VEHÍCULO DETIDO
20. CARGA OU ELEMENTOS DOUTROS VEHÍCULOS
21. VEHÍCULOS IMPLICADOS EN ACCIDENTE PREVIO

**SAÍDA DA CALZADA**
22. SAÍDA POLA DEREITA
23. SAÍDA POLA ESQUERDA
24. SAÍDA EN LIÑA RECTA
25. CRUZAMENTO DE MEDIANA
26. INVASIÓN DOUTRA VÍA OU CALZADA
27. RETORNO Á VÍA

**CHOQUE CONTRA ELEMENTOS FIXOS**
28. GLORIETA
29. REFUXIO, ILLA
30. BORDO
31. PIVOTES
32. SINAL DE TRÁFICO
33. SEBES, ARBUSTOS
34. ÁRBORE
35. FAROL OU POSTE
36. CONTEDOR
37. FONTE OU ESTATUA
38. PARADA DE BUS
39. BARREIRA DE CONTENCIÓN DE VEHÍCULOS
40. BARREIRA DE PASO A NIVEL
41. AMORTECEDORES DE IMPACTO
42. PASO SALVACUNETAS
43. PONTE OU TÚNEL
44. DIQUE, MURO DE CONTENCIÓN
45. CASA, MURO OU EDIFICIO
46. MURO DE NEVE OU XEO
47. ROCHA
48. OUTROS ELEMENTOS

**ENVORCADURA, INCENDIO, REBENTÓN, OUTRO TIPO**
49. XIROS SOBRE SI MESMO
50. VOLTAS DE TONEL OU DE CAMPÁ
51. ENVORCADURA DO VEHÍCULO
52. INCENDIO DO VEHÍCULO
53. ESFRAGAMENTO
54. INMERSIÓN
55. DESPRAZAMENTO DA CARGA
56. SEPARACIÓN DE UNIDADES DE CARGA
57. DESPRENDEMENTO DE CARGA
58. OUTRO TIPO DE SUCESO

**VEHÍCULO IMPLICADO SEN EVENTO**

## DESCRICIÓN DO ACCIDENTE: NON PODERÁ CONTER DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

## BOSQUEXO

## OBSERVACIÓNS PODERÁN CONTER DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

## FACTORES CONCORRENTES

| | |
|---|---|
| A) CONDUCIÓN DISTRAÍDA OU DESATENTA: ☐ | B) VELOCIDADE INADECUADA: ☐ |
| C) NON RESPECTAR PRIORIDADE: ☐ | D) NON MANTER INTERVALO DE SEGURIDADE: ☐ |
| E) ADIANTAMENTO ANTIRREGULAMENTARIO: ☐ | F) XIRO INCORRECTO: ☐ |
| G) CONDUCIÓN NEGLIXENTE: ☐ | H) CONDUCIÓN TEMERARIA: ☐ |
| I) IRROMPER ANIMAL NA CALZADA: ☐ | J) IRROMPER PEÓN NA CALZADA: ☐ |
| K) ALCOHOL: ☐ | L) DROGAS: ☐ |
| M) ESTADO OU CONDICIÓN DA VÍA: ☐ | N) METEOROLOXÍA ADVERSA: ☐ |
| O) CANSAZO OU SONO: ☐ | P) INEXPERIENCIA CONDUTOR: ☐ |
| Q) AVARÍA MECÁNICA: ☐ | R) TRAMO EN OBRAS: ☐ |
| S) MAL ESTADO DO VEHÍCULO: ☐ | T) ENFERMIDADE: ☐ |
| U) ESTADO OU CONDICIÓN DA SINALIZACIÓN: ☐ | V) OBSTÁCULO NA CALZADA: ☐ |
| W) OUTRO FACTOR: ☐ | |

## ANEXO II

### Datos que deben subministrar os axentes encargados da vixilancia e do control do tráfico

*A) Criterios de formalización dos formularios de accidentes de tráfico con vítimas*

De acordo co previsto no artigo 2, a formalización dos formularios de accidentes de tráfico con vítimas farase consonte os criterios seguintes:

1. Accidente de tráfico con vítimas. Deben reunir as circunstancias seguintes:

a) Producirse, ou ter a súa orixe, nunha das vías ou terreos obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.
b) Resultar, a consecuencia destes, unha ou varias persoas falecidas ou feridas.
c) Estar implicado, polo menos, un vehículo en movemento. A definición de vehículo será a recollida no punto 4 do anexo I do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria. Incluiranse tamén, por tanto, os accidentes con tranvías, trens e demais vehículos de raís implicados, sempre que se produzan en vías e terreos públicos aptos para a circulación, nos cales resulte de aplicación o referido texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.

As colisións múltiples entre máis de dous vehículos consideraranse como un único accidente, de seren sucesivas.
Excluiranse:

a) Os accidentes provocados por mortes naturais confirmadas ou nos cales existan indicios de suicidio ou intento de suicidio, excepto cando produzan danos a outras persoas.
b) Os homicidios, lesións intencionadas a terceiros e/ou danos intencionados a propiedades.

2. Vehículo implicado nun accidente de tráfico. Considérase que un vehículo está implicado nun accidente de tráfico cando concorren unha ou varias das circunstancias seguintes:

a) Entrar o vehículo en colisión con:

Outro ou outros vehículos, en movemento, parados ou estacionados.
Peóns.
Animais.
Outro obstáculo.

b) Sen entrar en colisión, teren resultado, como consecuencia do accidente, falecidos ou feridos o condutor e/ou algún pasaxeiro do vehículo, ou ter ocasionado só danos materiais.
c) Estar o vehículo parado ou estacionado de xeito perigoso, de modo que constitúa un dos factores do accidente.
d) Sen ter sufrido o vehículo ou os seus ocupantes directamente as consecuencias do accidente, constituír o comportamento do condutor ou dalgún dos pasaxeiros un dos factores do accidente.
e) Ter sido atropelado o condutor ou un pasaxeiro do vehículo por outro no momento en que subía ou descendía del, ou despois de caer desde o vehículo á vía. Neste caso, ambos os vehículos se consideran implicados no accidente.

3. Persoa implicada nun accidente de tráfico. Considéranse persoas implicadas nun accidente de tráfico os ocupantes dos vehículos definidos no punto anterior e tamén os peóns cando resulten afectados por un accidente de tráfico ou o seu comportamento fose un dos factores deste, conforme as seguintes circunstancias:

a) «Condutor»: toda persoa que, no momento do accidente, leva a dirección dun vehículo implicado nun accidente de tráfico. En vehículos que circulen en función da aprendizaxe da condución, é condutor a persoa que está a cargo dos mandos adicionais.
b) «Pasaxeiro»: toda persoa que, sen ser condutora, se encontra dentro ou sobre un vehículo, ou é atropelada mentres está subindo ou baixando do vehículo. Os condutores que deixaron de levar a dirección do vehículo e son atropelados mentres soben ou baixan del considéranse pasaxeiros.
c) «Peón»: toda persoa que, sen ser condutora nin pasaxeira, se ve implicada nun accidente de circulación.

Considéranse peóns os que empurran ou arrastran un coche de neno ou dunha persoa con mobilidade reducida ou calquera outro vehículo sen motor de pequenas dimensións, os que conducen a pé un ciclo, ciclomotor ou motocicleta; as persoas que se desprazan en cadeira de rodas, con ou sen motor; as persoas que se desprazan sobre patíns ou outros artefactos semellantes; as persoas que se encontran reparando o vehículo, empurrándoo ou realizando outra operación fóra del; os condutores ou pasaxeiros que, logo de teren abandonado os seus vehículos, son atropelados mentres se afastan deles camiñando.

Tamén se consideran peóns, para os únicos efectos da formalización dos formularios de accidentes, e sen prexuízo das definicións establecidas con carácter xeral no anexo I do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, as persoas que se desprazan sobre un animal de monta e as persoas que guían un animal ou animais.

*B) Clasificación das persoas implicadas en accidentes de tráfico con vítimas*

De acordo co previsto no artigo 2, as persoas implicadas nun accidente de tráfico clasificaranse do seguinte xeito:

1. «Vítima»: toda persoa que, como consecuencia dun accidente de tráfico, resulta morta ou ferida segundo as seguintes definicións:

a) «Falecido en vinte e catro horas»: toda persoa que, como consecuencia dun accidente de tráfico, falece no acto ou dentro das seguintes vinte e catro horas. Para iso, os axentes encargados da vixilancia e do control do tráfico realizarán o seguimento de todos os feridos que precisasen hospitalización.
b) «Ferido con hospitalización superior a vinte e catro horas»: toda persoa que, como consecuencia dun accidente de tráfico, precisa unha hospitalización superior a vinte e catro horas.
c) «Ferido con asistencia sanitaria igual ou inferior a vinte e catro horas»: toda persoa ferida nun accidente de tráfico que non precisase hospitalización superior a vinte e catro horas e que fose atendida polos servizos sanitarios correspondentes.

Inclúense como vítimas as persoas falecidas ou feridas nun accidente provocado por morte natural, suicidio ou intento de suicidio doutro usuario. E exclúense os casos confirmados de mortes naturais ou nos cales existan indicios de suicidio.

2. «Ileso»: toda persoa implicada nun accidente de tráfico á cal non lle sexan aplicables as definicións de falecido en vinte e catro horas ou ferido.

*C) Datos de remisión rápida dos accidentes con vítimas*

De acordo co previsto no artigo 3, os datos de remisión rápida que se deberán comunicar nos accidentes con vítimas son os seguintes:

C1. Información xeral. Zona, hora e data do accidente, localidade, rúa e número, denominación de estrada e punto quilométrico, sentido da vía en que se produciu o accidente, total de vehículos implicados, total de vítimas ocorridas, total de falecidos en vinte e catro horas, total de feridos con ingreso superior a vinte e catro horas, total de

feridos con asistencia sanitaria inferior a vinte e catro horas, total de ilesos, tipo de vía, titularidade da vía, nó, tipo de accidente, superficie do firme, iluminación, estado meteorolóxico e circulación en sentido contrario.

C2. Información relativa ao vehículo. Vehículo fugado, vehículo incendiado, matrícula, código de nacionalidade, número de ocupantes, posición respecto á vía cando o accidente ocorra en nó, aproximación ao nó cando o accidente ocorra en nó, sentido da circulación, manobra do vehículo previa ao accidente e se se trata dun vehículo sen condutor.

Cando a matrícula do vehículo no sexa española, consignarase, ademais: data de primeira matriculación, marca, modelo, tipo de vehículo e MMA.

C3. Información relativa ao condutor. Código do vehículo, data de nacemento, sexo, nacionalidade, accesorios de seguridade, lesividade, proba de alcohol: proba de alcohol realizada, taxa 1 en aire, taxa 2 en aire, signos de influencia do alcohol, proba de drogas: proba de drogas realizada, resultado da proba ás substancias testadas, signos de influencia de drogas, presuntas infraccións do condutor, presuntas infraccións de velocidade e outras infraccións.

C4. Información relativa ao peón. Data de nacemento, sexo, nacionalidade, accesorios de seguridade, lesividade, proba de alcohol: proba de alcohol realizada, taxa 1 en aire, taxa 2 en aire, signos de influencia do alcohol, proba de drogas: proba de drogas realizada, resultado da proba ás substancias testadas, signos de influencia de drogas e presuntas infraccións do peón.

C5. Información relativa ao pasaxeiro. Código do vehículo, data de nacemento, sexo, nacionalidade, posición no vehículo, accesorios de seguridade e lesividade.

## ANEXO III

### Definicións dos principais indicadores estatísticos do Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico

Para os efectos da elaboración das estatísticas resultantes da información recollida no Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico e noutras fontes, defínense a seguir os principais indicadores:

1. Referidos á gravidade dos accidentes:

1.1 «Accidente de tráfico con vítimas»: accidente que reúne as circunstancias descritas no punto 1 do anexo II.A).

1.2 «Accidente de tráfico mortal»: accidente de tráfico con vítimas cando, polo menos, unha delas resulte falecida, segundo o disposto no punto 2.1.

1.3 «Accidente de tráfico grave»: accidente de tráfico con vítimas non definido como accidente de tráfico mortal, no cal, polo menos, unha das persoas implicadas resulte ferida con hospitalización superior ás vinte e catro horas, segundo o disposto no punto 2.2.

2. Referidos á gravidade das lesións:

2.1 «Falecido»: toda persoa que, como consecuencia dun accidente de tráfico, falece no acto ou dentro dos seguintes trinta días, o que se determinará utilizando as bases de datos de mortalidade dispoñibles.

Excluiranse os casos confirmados de mortes naturais o aqueles nos cales existan indicios de suicidio.

2.2 «Ferido con hospitalización superior a vinte e catro horas»: toda persoa que conste no Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico como tal, segundo se define no punto 1.b) do anexo II.B), sempre que non lle sexa aplicable a definición de falecido establecida no punto 2.1.

2.3 «Ferido con asistencia sanitaria igual ou inferior a vinte e catro horas»: toda persoa que conste no Rexistro Nacional de Vítimas de Accidentes de Tráfico como tal, segundo se define no punto 1.c) do anexo II.B), sempre que non lle sexan aplicables as definicións dos puntos 2.1 e 2.2.